

Francisco Carballo na homenaxe aos Mártires de Sobredo

ANT 17 X/05

A.N.T.

A Organización Galega de Comunidades de Montes Veciñais en Man Común e a Confederación Galega de Asociacións Veciñais "Rosalía de Castro" van render homenaxe aos Mártires de Sobredo no 83 cabodano da-

quel acto represivo. Os actos comezarán ás 11 da mañá na Carballeira de San Xosé (Guillarei) desde onde se fará o desprazamento até o monumento aos mártires onde intervirá o historiador Francisco Carballo e recitará unha poesía Brais Gonzá-

lez. A homenaxe continuará cunha homenaxe no concello de Tui.

Neste acto lémbrese aos labregos e labregas que naquel sitio foron asasinados polas forzas represivas cando participaban nun acto de solidariedade cun veciño embargado por non

pagar o foro. Por iso nesta homenaxe que se ven celebrando todos os anos tamén se reconece a loita da sociedade labrega nas primeira décadas do século XX para a abolición dos foros que naquel intre condenaban á miseria á poboación rural. ♦

X E R A I S T E A T R O

Manuel Rivas
O heroe

Manuel Rivas
O heroe

O heroe, a primeira peza teatral de Manuel Rivas, escrita con trazos de ironía e dureza, sitúanos nun

